

ANEXO III

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio SXAI 2023-2025			
Título: "Convenio de Servizos Xerais de Apoio á investigación 2023-2025"			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/01/2023	FIN: 31/12/2025	
CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do convenio de investigación que se indica. Técnico/a de apoio á investigación			
LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres de 7:45-15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA:	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2023
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido ☒	Duración determinada: ☐	DATA FIN CONTRATO:
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.508,33 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0509442325 541A 6400000			

*O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: grao, licenciatura ou equivalente
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register)
Dirixidas á "Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia", coa Referencia da convocatoria
PAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Jaime Rodríguez González, M ^a Isabel González Siso e Carlos Platas Iglesias. Suplentes: Elena Pazos Chantrero e Ana Rey Rico
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

A Coruña, 31 de outubro de 2022

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG.
Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	X7ig8DiC8Zvr5jYtw+RUgQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	31/10/2022 18:55:32
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/X7ig8DiC8Zvr5jYtw+RUgQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Código Seguro De Verificación	I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	04/11/2022 11:34:16
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O CICA, o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas, nace no seo da Universidade da Coruña (UDC) en 2015 co obxectivo de reunir grupos de alto impacto en química e bioloxía, favorecendo un modelo de investigación interdisciplinar e cooperativa.

Despois do proceso de colaboración entre o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) e o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da UDC, mediante o financiamento a través do programa de Agrupacións Estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e tras o exitoso programa de captación de talento levado a cabo nos últimos anos, o CICA está actualmente en proceso de acreditación como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Como paso previo, tras cumprir todos os requirimentos, a Universidade da Coruña aprobou en Consello de Goberno do 26 de outubro de 2021 a creación do CICA como centro de investigación da UDC, pasando a súa denominación a CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía, segundo a nova normativa da Xunta de Galicia e da propia universidade. Como consecuencia da súa reestruturación, queda constituído por 30 grupos de investigación que se organizan baixo tres áreas estratéxicas: i) Biomedicina, ii) Alimentación, Contaminación e Saúde, e iii) Nanociencia e Novos Materiais.

O proceso de acreditación citado requirirá de tarefas de apoio concretas ata a consecución da acreditación, así coma de cara ó futuro, no que o CICA buscará a consolidación da súa excelencia científica e a singularidade dentro do espazo de investigación galego. Así mesmo, a especialización do centro, a expansión dos grupos e a incorporación de investigadores e investigadoras de talento trae consigo un aumento das tarefas de xestión e coordinación asumidas desde a Oficina de Xestión.

Unha das pezas fundamentais do CICA neste novo período será o desenrolo dunha estrutura de xestión especializada e estable, en consonancia cos modelos de xestión doutros centros de investigación de referencia da contorna, que dea soporte á dirección e aos grupos de investigación adscritos ao centro en diferentes aspectos, e que asegure a correcta interacción cos distintos departamentos ou organismos, tanto da propia Universidade coma externos á esta.

En concreto, o CICA necesita da contratación dunha persoa responsable dos equipamentos/infraestruturas de uso común do centro, integrarse na Oficina de Xestión, que axude a satisfacer as necesidades que demandan os grupos de cara ás investigacións que realizan nos seus proxectos. Requiren de técnicas analíticas concretas e de un equipamento científico altamente sensible, polo que é preciso contar cunha persoa con experiencia no manexo de distintas técnicas instrumentais e no desenvolvemento de técnicas de análises, que leve a cabo a xestión técnica do equipamento común do CICA e que realice tarefas de apoio aos/as investigadores/as nos laboratorios comúns.

a. As tarefas máis importantes a realizar, entre outras, serán:

- Xestión técnica, manexo, mantemento e mellora do equipamento científico-técnico de uso común relacionado coas áreas e proxectos de investigación adscritos ao CICA.
- Asistencia e apoio analítico aos/as investigadores/as distinguidos/as, así como ao resto do persoal investigador usuario do centro, no emprego de equipos comúns ou colaborando na realización de análises mediante distintas técnicas analíticas.
- Formar aos/as investigadores/as, mediante a impartición de cursos, sobre o manexo do equipamento científico-técnico do CICA e darlles soporte no uso dos mesmos.
- Participación na posta en marcha dos novos equipos de laboratorio adquiridos polo centro.
- Elaboración e implementación de protocolos e de guías de uso dos equipos de uso común do CICA.
- Asistencia a cursos de formación e de perfeccionamento en técnicas de análises e de manexo dos equipos instrumentais do centro.
- Colaboración na organización de seminarios, conferencias, workshops,... relacionadas co equipamento do CICA e participación en actividades divulgativas que se realizan no centro.
- Propoñer melloras á dirección na xestión de equipos, detectar necesidades e propor a adquisición de novos equipos ou outro material que poida ser de interese para os grupos de investigación do CICA.
- Seguimento, control, xestión de incidencias das instalacións e consumo de gases e crioxénicos do centro.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG.*

Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	X7ig8DiC8Zvr5jYtW+RUgQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	31/10/2022 18:55:32
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/X7ig8DiC8Zvr5jYtW+RUgQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Código Seguro De Verificación	I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	04/11/2022 11:34:16
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Colaborar co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC nas actuacións en materia de prevención e mellora continua das condicións de seguridade e saúde no CICA.
- Xestión con casas comerciais para a adquisición de material de laboratorio e equipamento científico de relevancia e potencial interese para os/as investigadores/as.
- Control da xestión de recollida de residuos perigosos.

b. Requisitos e experiencia valorable do/a candidato/a

- Licenciatura ou grao en titulacións en áreas científicas (Química, Bioloxía, Farmacia ou afíns).
- Valorarase estar en posesión do título de máster e doutoramento en ciencia.
- Experiencia no desenvolvemento de técnicas analíticas e no manexo de distintas técnicas instrumentais.
- Formación específica sobre técnicas de análises e manexo de equipamento científico.
- Coñecementos en softwares de adquisición, control e tratamento de datos de distintas técnicas instrumentais.
- Nivel medio de inglés, equivalente a B2 ou superior.
- Coñecementos de informática a nivel usuario.
- Capacidade de traballo en equipo, responsabilidade e iniciativa.

c. Criterios e valoración de méritos (táboa de valoración)

IMPORTANTE: o curriculum vitae debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
TITULACIÓN ACADÉMICA	En áreas científicas (Química, Bioloxía, Medicina, Farmacia ou afín)	Grao: 2 Licenciatura: 5 Máster: 5 Doutoramento: 10	10 puntos
EXPERIENCIA (imprescindible achegar cuberto para a valoración deste apartado o Anexo I, descargue o documento en formato .xlsx na web do CICA/Sobre o CICA/Traballar no CICA ou solicíteo a cica@udc.gal)	Experiencia en manexo de equipamento científico	0,2 puntos x mes traballado	50 puntos (o resultado final estará ponderado de acordo ao tempo e ao nº de equipos)
	Experiencia en proxectos relacionados coas liñas de investigación do CICA	0,3 puntos x mes traballado	
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	Asistencia a cursos de formación sobre técnicas de análise	0,1 puntos x hora	10 puntos
	Asistencia a cursos de formación sobre manexo de equipamento científico		
ENTREVISTA PERSOAL	Entrevista persoal aos/ás candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores (4 candidaturas, poderase establecer unha nota de corte mínima de 40 puntos para acceder á entrevista)		20 puntos

NOTAS IMPORTANTES:

- *Presentar o currículum vitae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de Criterios e valoración de méritos. Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.*
- *Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración destas.*
- *Na formación indicar necesariamente o nº de horas, en caso de non indicarse non se valorará.*
- *En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.*
- *De ser necesario poderá ser solicitada a documentación xustificativa dos méritos alegados no CV.*
- *Achegar o certificado acreditativo do nivel de inglés B2 en caso de telo (non é excluínte).*
- *No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.*

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG.

Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	X7ig8DiC8Zvr5jYtW+RUgQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	31/10/2022 18:55:32
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/X7ig8DiC8Zvr5jYtW+RUgQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Código Seguro De Verificación	I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	04/11/2022 11:34:16
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO I

(descargue o documento en formato .xlsx na [web do CICA/Sobre o CICA/Traballar no CICA](http://web.do.CICA/Sobre%20o%20CICA/Traballar%20no%20CICA) ou solicite a cica@udc.gal)CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN PARA O CICA
Experiencia en manexo de equipos e en proxectos relacionados coas liñas de investigación do CICA

EXPERIENCIA EN MANEXO DE EQUIPOS					Cálculos automáticos	
Equipo	Nome da empresa/organismo	Posto de traballo	Data nas que o empregou de:	Nome da empresa/organismo	Meses	Valor
Exemplo: equipo "X"			01/01/2020		5,07	1,01
Analizador de medida de tamaño de partícula no rango nanométrico con medida de potencial Z (tipo Brookhaven NanoBrook Plus Zeta ou similar)					0,00	0,00
Autoclave esterilizadora a vapor (tipo Matschana SC-502 E-1 ou similar)					0,00	0,00
Bio-espectrómetro para microscopía e cubeta (tipo VWR MySPEC Twin ou similar)					0,00	0,00
Caixa seca ou de lúxer para manipulación de substancias sensibles (tipo Innovative Technology INC Purilab HE 1950-4G ou similar)					0,00	0,00
Centrífuga de alta velocidade refrigerada 22000 rpm (tipo Hitachi CR22N ou similar)					0,00	0,00
Centrífuga refrigerada a ultrascentrifugación 100000 rpm (tipo Hitachi CP 100 NX ou similar)					0,00	0,00
Depósito cíclico de almacenamento con monitor de nivel ultrasónico					0,00	0,00
Equipo de cromatografía de gases cuadrupolo con detector de masas (GC-MS) (tipo Thermo Scientific ISQ QD ou similar)					0,00	0,00
Equipo de cromatografía iónica (tipo Metrohm IC900 ou similar)					0,00	0,00
Equipo de cromatografía líquida (HPLC) (tipo Bio-Rad NGC Quest 10 Plus ou similar)					0,00	0,00
Equipo de cromatografía líquida de alta presión (UHPLC) con espectrómetro de masas de trampa de mobilidade iónica (tipo Amazon Speed ETD, Bruker ou similar)					0,00	0,00
Equipo de cromatografía líquida de ultra alta presión (nanoUHPLC) con espectrómetro de masas tandem de alta resolución con trampa de mobilidade iónica (tipo TimsTOF Pro, Bruker ou similar)					0,00	0,00
Equipo de cromatografía líquido-líquido con detector de masas e de diodos (PDA) (LC-MS) (tipo Thermo Scientific MSQ PLUS ou similar)					0,00	0,00
Equipo de espectroscopía infravermella con transformada de Fourier (FT-IR) (tipo Thermo Scientific Nicolet iS10 ou similar)					0,00	0,00
Equipo de fluorescencia (espectrofluorímetro) (tipo Horiba Scientific Fluoromax Plus-P ou similar)					0,00	0,00
Equipos de PCR/electroforesis					0,00	0,00
Espectrómetro de Resonancia Magnética Nuclear (RMN) 300 MHz (tipo Bruker Avance 300 ou similar)					0,00	0,00
Fotodocumentador (tipo Bio-rad Chemidoc MP Imaging System ou similar)					0,00	0,00
Incubador de CO2 (165 L) (tipo Panasonic MCO-170ACUVH-PE ou similar)					0,00	0,00
Lector de placas (tipo Biotek Synergy HTX ou similar)					0,00	0,00
Lítilizador (tipo Telstar Cryodes 80 ou similar)					0,00	0,00
Microscopios ópticos e de fluorescencia					0,00	0,00
Reómetro Híbrido Discovery DHR-2 (tipo TA Instruments Waters LLC ou similar)					0,00	0,00
Termoanalizador de laboratorio (tipo Mettler PC 8532 ou similar)					0,00	0,00

*Se un equipo foi empregado en varios períodos de tempo alternos, copiar a liña de equipo tantas veces como seia necesario para incluír todos os períodos

EXPERIENCIA EN PROXECTOS RELACIONADOS COAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN DO CICA					Cálculos automáticos	
Nome do proxecto de investigación relacionado coas liñas de investigación do grupo CICA no que participou como investigador/a	Nome do proxecto de investigación relacionado coas liñas de investigación do grupo CICA no que participou como investigador/a	Data nas que participou de:	Proxecto financiado por (Ministerio, Xunta, Europeo...)	Nome do proxecto de investigación relacionado coas liñas de investigación do grupo CICA no que participou como investigador/a	Meses	Valor
					0,00	0,00
					0,00	0,00
					0,00	0,00
					0,00	0,00

GL_Convocatoria_CICA_manejo Equipos_participacion_Proxectos.xlsx

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG.

Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	X7ig8DiC8Zvr5jYtW+RUgQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	31/10/2022 18:55:32
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/X7ig8DiC8Zvr5jYtW+RUgQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Código Seguro De Verificación	I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	04/11/2022 11:34:16
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/I9ZGTdtLBavHzNq4YWBWZg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

